



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## **ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE LIBROS, CATÁLOGOS, CERÁMICAS E OUTROS ARTIGOS DESTINADOS A DIVULGACIÓN DO CONCELLO E DAS SÚAS ACTIVIDADES**

### **ARTIGO 1.- CONCEPTO**

Serán obxecto destes prezos públicos a venda de libros, catálogos, cerámicas e outros artigos destinados á divulgación do Concello e das súas actividades de carácter non obrigatorio.

### **ARTIGO 2.- OBRIGADOS Ó PAGAMENTO**

Serán obrigados ó pagamento destes prezos públicos os adquirentes dos artigos.

### **ARTIGO 3.- CONTÍA**

1. As tarifas determinarase mediante aprobación en cada caso pola Comisión de Goberno, sendo prezo máximo por unidade aquel que resulte necesario para a cobertura do custo da tirada e prezo mínimo o 50% daquel.
2. Este prezo irá recargado coa correspondente cota do Imposto sobre o Valor Engadido.

### **ARTIGO 4.- OBRIGA DE PAGAMENTO**

Satisfaranse os prezos públicos regulados nesta ordenanza ó tempo de subministra-los artigos a que se refire o artigo 1º.

### **ARTIGO 5.- NORMAS DE PROCEDEMENTO**

1. O servizo que acordase a venda de artigos deberá xustificar diante da Intervención de Fondos o seu custo total e número de unidades.
2. Realizará proposta á Comisión de Goberno para determina-lo prezo unitario de conformidade co artigo 3º. 1) deste texto.
3. No prazo máximo de seis meses desde a súa aprobación, xustificará diante da Intervención de Fondos os ingresos efectivos realizados e as existencias, no seu caso.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril.